

RESUME DA SESIÓN

A reunión sobre “LECTURA, VALORES, VOLUNTARIADO”, moderada por Adelia do *IES Val do Tea*, comezou cunha exposición da experiencia do club de lectura deste centro.

A idea de facer un “proxecto pechado” (“Unha volta ao mundo en 8 libros”) coas lecturas elixidas de antemán xurdíu para ter os libros a tempo e que non houbera retrasos na súa adquisición. Pechado non quere dicir inalterable, e, de feito, cambiouse unha lectura sobre a marcha. Contar cun eixo temático tamén axuda a artellar o blog.

O ter os libros elixidos e lidos polas mediadoras con bastante antelación dá pé a incidir máis en certos aspectos, pero o tratamento dos valores xurdíu a posteriori. Das obras elixidas, moitas delas levaban a tocar o tema dos pobos minoritarios, directa ou indirectamente (El niño que vivía con los avestruces, Sagarmatha, A cidade en chamas, que toca tamén o tema da inmigración, o racismo, abuso de autoridade); o tema do espolio económico, no pasado, e as axudas ó desenvolvemento, na actualidade, estaba presente en La gacela de Jo Pestum; o espolio cultural en Ammor en Ammán; o tema das persoas diferentes por calquera circunstancia en Frida Kahlo, una historia posible, O pintor do sombreiro de malvas...

Hai coleccións que teñen libros clasificados por valores e cadaquén pode elixir un libro en función do valor que queira tratar, pero o “valor” literario ás veces non se atopa. Como a razón de ser dun club de lectura, según a opinión persoal da moderadora, é ler por pracer, os libros han de proporcionar ese pracer, literario sobre todo, e logo, cada un según os seus intereses, ou a súa sensibilidade, tratará os “valores subxacentes en tódolos libros”, ós que apuntaba no coloquio a mediadora do *IES Virxe do Mar*.

A introdución acabou coa lectura do seguinte parágrafo do artigo de Marcela Carranza, sacado deste enlace: <http://www.imaginaria.com.ar/18/1/literatura-y-valores.htm>

“Utilizar la literatura para la transmisión de un mensaje (no importa de qué tinte ideológico estemos hablando), no sería otra cosa que valerse de un instrumento sofisticado para convencer al lector acerca de alguna verdad dada. En el caso que nos ocupa (el de una verdad de tipo moral) de lo que se trata es además de exhortar al lector a actuar de una manera determinada. No estamos lejos por lo tanto de la función propia de la publicidad, la propaganda, el panfleto o el sermón.”

A primeira intervención neste senso foi a da mediadora do *IES Pastoriza* quen cre que se pode conxugar o valor literario e a educación en valores. Neste centro traballan un libro en todo o curso, pero abórdano desde diferentes perspectivas: literaria, xeográfica, educación en valores, recomendacións a través da radio escolar, encontros co autor/-a. En definitiva, estudan polo miúdo o libro e, a maiores, durante o curso cada un vai lendo o que quere e recomendándoo na radio escolar, que parece ser un bon escaparate das actividades do club.

No *IES de Touro* len tres libros durante o curso, neste caso porque as reunións se fan en horas de recreo, “*experiencia estresante*” en palabras da mediadora, e non hai tempo para máis.

O tema do horario dos clubs de lectura deu que falar. A maioría dos que interviron estiveron de acordo en que o tempo do recreo é moi escaso, e, aínda que os rapaces o fagan todo cunha celeridade que non demostran para outras actividades, o tempo non dá para moito. No

rural, especialmente (disto queixábase a mediadora do *IES Carlos Casares de Viana*) os nenos e nenas non poden quedarse pola tarde por motivos de transporte.

Houbo aportacións neste senso coma a do mediador do *IES Coruxo* que propón artellar o xeito de empregar a hora de ler unha vez ao mes para o club. Ou a do mediador do *IES Antón Losada* que propón fomentar outros xeitos de participar no club de maneira non presencial, por exemplo a través do blog. Nesta línea suxire dedicar algunha sesión do club a ensinarlles ós alumnos a falar/escribir nos blogs, pois participan pouco (*IES Val do Tea*, totalmente de acordo)

Outras aportacións de experiencias que xa están funcionando son a do *IES de Valga*, que busca tempo para as sesións pedindo o apoio do resto dos profesores. Estes ceden 3 ou 4 sesións lectivas do curso para o club, ademais dos recreos que xa ocupan normalmente.

No *IES Chamoso*, a tarde dos mércores hai actividades varias que oferta o profesorado: taller de escritura, deseño gráfico, teatro...e é nesa tarde cando se reúne o club de lectura, xa que ese día funciona o transporte.

Xuntando o tema do tempo e o dos valores, desde o *IES Arzúa* proponse empregar textos literarios como pretexto para traballar diferentes valores nas titorías, en atencións educativas ou no proxecto interdisciplinar.

Outro aspecto que se tratou foi o da interrelación xeracional. No *IES Valga* empezaron cun club no que había pais/nais e alumnos, pero acabaron desvinculándose pois a experiencia non funcionaba. No *Val do Tea* funcionou un grupo mixto, pero non tivo continuidade máis aló dun curso.

Hai grupos de adultos que funcionan moi ben. A mediadora do *IES Virxe do Mar* contou a experiencia co seu club de adultas, que funciona desde fai 4 anos. Fan viaxes literarias e para algunha das integrantes do club foi a primeira vez que facía unha viaxe soa. A mediadora valora, sobre todo, que a xente adulta dos clubs axuda aos seus fillos creando ambientes lectores. Opinión que secundan desde o *IES Arzúa*, incidindo na importancia de que os maiores sexan testemuña para os máis novos. No *IES Monterroso* fan representacións de esceas clave da literatura nas aulas, presentan cine-forum e interveñen pais e fillos. Son "*familias dinamizadoras*".

Neste aspecto a maioría dos mediadores coincidimos en que os rapaces que colaboran, e o mesmo as familias, colaboran en todo. Son as mesmas persoas que están no ENDL, no grupo de colaboradores de biblioteca e diferentes actividades dos centros.

Un dos valores que máis se poñen en práctica nos clubs de lectura é o da integración. "Nos clubs de lectura os rapaces non tan lectores teñen un lugar onde sentirse acollidos" (*IES Antón Losada*). No *IES Pastoriza*, onde fan actividades fóra das reunións do club (unha viaxe a Panxón, logo da lectura de *A praia dos afogados*, "a noite da biblioteca") os rapaces mesmos demandan máis "*convivencia extra-colexial*".

Por último, no tema do voluntariado, as experiencias expostas foron a do *IES Valga*, onde teñen grupos de diferentes idades e os maiores actúan ás veces como "*recomendadores*" de libros para os máis cativos.

Non hai experiencias de centros nas que funcionen varios clubs e algún do club de adultos ou alumnos maiores faga de mediador cos pequenos, algo que, en opinión da moderadora, podería ser interesante. Tampouco hai experiencias de pais ou nais que lean o mesmo libro de literatura infantil ou xuvenil que len os seus cativos e participen no club, sexa de forma presencial ou a través de comentarios no blog.

Neste aspecto a mediadora do *CIFP Compostela* explica que o alumnado que se forma para traballar en Escolas Infantís traballa literatura infantil no seu club de adultos.

No *IES David Buján* teñen un e-twinning arredor de Dickens con Grecia, Francia, Polonia e outros países.

O Club de Lectura do *IES Arzúa* visita un centro de maiores, pero neste caso trátase de ir a escoitar máis que a ler. O Club de lectura do *IES Chamoso* fai a actividade “bibliotecas na rúa” e distintas bibliotecas sacan un tenderete propio para o público.

Xa para rematar (pois os que interviron deixárono para o final), como voluntarios solidarios dous clubs de lectura falan da súa experiencia:

No *IES Xohán Carballeira* o club de lectura organiza a colaboración con “Save the Children”: venden libros de expurgo, donacións, revistas, etc. a prezos simbólicos durante os recreos, así como tartas e pasteis, e o que xuntan envían a esta organización que á súa vez lles envía un diploma. Tamén van ler a centros de pequenos.

No *IES Xograr Afonso* teñen unha actividade que chaman “Os libros dan de comer”. Cada recomendación lectora vai acompañada dun kilo de comida. Entregaron máis de 200 kilos en Cáritas de Sarria.

VALORACIÓN

Despois de participar na reunión só se me ocorre facer unhas aportacións xerais, que non son máis ca unha opinión persoal a partir da experiencia, do que para mín é un club de lectura. Nestes momentos levo xunto cunha compañeira o club BiblioTea do IES Val do Tea, con nenos de ESO, e participo, a nivel persoal, nun club de lectura con colegas, a maioría delas alleas ó mundo do ensino:

- Non debemos esquecer que **os clubs de lecturas son algo voluntario** (e isto vale tanto para os profesores que facemos de mediadores coma para os alumnos), pero unha vez que se decide participar hai que se consecuentes. Isto é algo que lles digo sempre ós rapaces, “non é obligatorio “ser do club de lectura”, pero se o es, tes unhas certas obrigas”. Sendo voluntario, evidentemente, non participará todo o centro, nin serán grupos moi numerosos. Se o son, haberá que dividilos para poder traballar ben.
- **A razón de ser dun club de lectura é a lectura.** E aínda que poida parecer unha perogrullada non o é tanto. Pódense poñer películas baseadas nun libro ou relacionadas cos libros, pódese poñer a “banda sonora” dun libro, pero haberá que ler antes ou despois. Pódense facer excursións literarias, facer amigos, comer lambetadas, pero sen esquecer que é o que nos leva ó club de lectura, a súa razón de ser é a lectura. Porque tamén pode haber clubs gastronómicos, excursionistas, cinéfilos, etc., pero o noso é “de lectura”.

Hai xente que di que os rapaces con certas dificultades de relación se atopan ben no club de lectura. E iso é estupendo, se ademais de estar ben, son lectores. Se non é o caso tamén se poden derivar a outros pequenos grupos de actividades que haxa no centro onde se poden sentir integrados.

- Persoalmente, son máis partidaria de **elixir un libro** e levalo lido para logo debatir, que ler “in situ”, aínda que se poida facer isto último puntualmente ou como aportación.
- Tampouco se trata de ler calquera cousa. **Club de lectura rima con literatura**. Hai libros, dos que se falou nas xornadas (a paraliteratura, que tamén rima!) que igual non estaría mal propoñer en algunha ocasión para o club e logo na reunión amosarlles ós rapaces unha visión diferente desa lectura, pero como costume creo que non convén. Para que poñer lecturas que xa devoran eles sen que ninguén lles mande? Eu quedo moi contenta cando no club, despois de ler algún destes libros que eliximos os “adultos” polas súas cualidades literarias, me din “non me gustou nada”, pero vese que o leron e falan del que non paran.
- Por último, aínda que club de lectura rima con literatura, non temos que esquecer que non estamos na clase de literatura. **Lemos por pracer**, e non é preciso facer resúmenes, contestar formularios sobre o libro, facer guías. As “guías” podémolas facer os mediadores, a priori, para ubicarnos no contexto do libro, ou a posteriori, coas opinións dos participantes por se alguén quere utilizar eses libros nas aulas. No club as lecturas son informais e distintas das lecturas no ámbito académico. Ás veces, máis ca do contido do que lemos, falamos das sensacións que nos causou o que lemos.